



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

AS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ

Persoal

Bases xerais reguladoras dos procesos selectivos das prazas de persoal laboral incluídas na OEP-E 2022 para a estabilización do emprego temporal (artigo 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro)

Expediente núm.: 2022/E001/000014

ANUNCIO

Mediante Decreto 1654/2022, do 30 de novembro, da concelleira delegada de Recursos Humanos, Industria e Emprego, aprobáronse as bases xerais reguladoras das convocatorias e dos procesos selectivos para a cobertura mediante persoal laboral fixo, das prazas incluídas na oferta de emprego público extraordinaria do Concello das Pontes de García Rodríguez de 2022 (OEP-E 2022) para a estabilización do emprego temporal, segundo o artigo 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro.

O texto íntegro das ditas bases xerais publícase de seguido, ao abeiro do artigo 205.4 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia:

BASES XERAIS REGULADORAS DAS CONVOCATORIAS E DOS PROCESOS SELECTIVOS PARA A COBERTURA, MEDIANTE PERSOAL LABORAL FIXO, DAS PRAZAS INCLUÍDAS NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO EXTRAORDINARIA DO CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ DE 2022 (OEP-E 2022) PARA A ESTABILIZACIÓN DO EMPREGO TEMPORAL, SEGUNDO O ARTIGO 2 DA LEI 20/2021, DO 28 DE DECEMBRO

Primeira. Obxecto e contido

1.1. As presentes bases teñen por obxecto a regulación dos aspectos comúns das convocatorias e dos procesos selectivos para a cobertura, mediante persoal laboral fixo, polo procedemento de estabilización de emprego temporal do artigo 2 da Lei 20/2021, de 28 de decembro, das prazas do Concello das Pontes de García Rodríguez en execución da oferta de emprego público extraordinaria desta entidade local do ano 2022 (OEP-E 2022), publicada no BOP núm. 97, do 24/05/2022.

1.2. As especificidades de cada proceso selectivo serán obxecto de regulación nas bases específicas que se aprobarán para rexer cada convocatoria.

Segunda. Normativa de aplicación

Os procesos selectivos rexeranse polo establecido nestas bases xerais e nas correspondentes convocatorias e bases específicas.

Serán, tamén, de aplicación nestes procesos selectivos as seguintes normas, de rango legal e regulamentario:

1. Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público
2. Texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro (TRLEBEP)
3. Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública (LMRFP)
4. Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia (LEPG)
5. Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
6. Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado polo Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril (TRRL)
7. Real decreto 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de administración local; e, de forma supletoria:
8. Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da administración xeral do Estado e provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da administración xeral do Estado, aprobado polo Real decreto 364/1995, do 10 de marzo (RXIAE)

9. Decreto 95/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección de persoal da administración da Comunidade Autónoma de Galicia (RSPAG)

10. Real decreto 2271/2004, do 3 de decembro, polo que se regula o acceso ao emprego público e a provisión de postos de traballo de persoas con discapacidade

11. Orde PRE/1822/2006, do 9 de xuño, pola que se establecen criterios xerais para a adaptación de tempos adicionais nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público de persoas con discapacidade (BOE núm. 140, do 13/06/2006)

12. Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP)

13. Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP)

14. Restantes normas e disposicións de aplicación

Terceira. Requisitos das persoas aspirantes

3.1. Para tomar parte nas probas selectivas, as persoas aspirantes deberán reunir as seguintes condicións xerais, referidas á data de finalización do prazo de presentación de instancias:

a) Nacionalidade: Ser de nacionalidade española. Tamén terán dereito os nacionais dun estado membro da Unión Europea, ou do Espazo Económico Europeo, nos termos previstos e cos requisitos establecidos para os diferentes supostos no artigo 57 do TRLEBEP e no artigo 52 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia (LEPG). Ás persoas con nacionalidade do Reino Unido de Gran Bretaña e Irlanda do Norte seralles de aplicación o disposto no artigo 5 do Real decreto-lei 38/2020, do 29 de decembro, polo que adoptan medidas de adaptación á situación de Estado terceiro do Reino Unido de Gran Bretaña e Irlanda do Norte trala finalización do período transitorio previsto no Acordo sobre a retirada do Reino Unido de Gran Bretaña e Irlanda do Norte da Unión Europea e da Comunidade Europea da Enerxía Atómica, do 31 de xaneiro de 2020.

b) Idade: Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder, de ser o caso, da idade máxima de xubilación forzosa; e iso sen prexuízo das especialidades contempladas no artigo 57.2 do TRLEBEP e no artigo 52.1, letras c) e d), da LEPG.

c) Titulación: Estar en posesión ou en condición de obtela na data de terminación do prazo de presentación de solicitudes a titulación que se requira nas bases específicas que rexan en cada convocatoria. As titulacións non expedidas en España deberán estar debidamente validadas polo Ministerio de Educación e Formación Profesional do Estado español ou, de ser o caso, aqueloutro que teña atribuída a competencia.

d) Capacidade funcional: Posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das funcións do posto.

As persoas con discapacidade compatible coas tarefas e funcións correspondentes ás prazas convocadas, poderán concorrer ao proceso selectivo en igualdade que o resto das persoas aspirantes, coas adaptacións, de ser o caso, necesarias para o desenvolvemento do dito proceso. Para tal efecto aplicárase o establecido na Orde PRE/1822/2006, do 9 de xuño, e o tribunal poderá requirir a emisión dun informe ou a colaboración doutros órganos administrativos ou da administración sanitaria.

e) Habilitación: Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario/a, ou para exercer funcións similares ás que desenvolvían no caso de persoal laboral, no que tivese sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado/a ou en situación equivalente e non ter sido sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

f) Estar en posesión do CELGA, ou acreditación do coñecemento de lingua galega equivalente, que se sinala nas correspondentes convocatorias e bases específicas, ou estar en condicións de obtelo antes do remate do prazo de presentación de instancias.

As persoas aspirantes que non teñan a nacionalidade española deberán acreditar documentalmente o coñecemento suficiente do idioma castelán.

Os/as aspirantes que non acrediten o coñecemento da lingua galega que se requira nas correspondentes bases específicas, ou estar en condicións de obtelo dentro do prazo de presentación de instancias, deberán realizar unha proba de avaliación que se reflicte na base 7.2.2.

g) Aboar os dereitos de exame, de acordo coa Ordenanza fiscal número 15, que regula a taxa por expedición de documentos administrativos (BOP núm. 154, do 06/07/2006), polo importe que se sinala nas correspondentes bases específicas.

h) Os demais requisitos concretos que, no seu caso, se establezan nas convocatorias específicas.

3.2. Todos os requisitos anteriores deberán terse no momento de rematar o prazo de admisión de solicitudes e conservarse polo menos ata a data da contratación, coa exclusión do especificado na letra f).

Cuarta. Presentación de solicitudes e documentación

4.1. As solicitudes, ás que se achegará a documentación que se indica nesta base e nas que se declarará o cumprimento das condicións de participación esixidas, serán dirixidas ao concello no prazo de vinte (20) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado (BOE), segundo o modelo que, no seu caso, se especifique nas correspondentes bases específicas.

As bases específicas de cada convocatoria establecerán a forma na que deberán presentarse as solicitudes de participación no proceso selectivo.

4.2. As persoas coa condición legal de discapacidade deberán facelo constar na solicitude, indicando se precisan adaptacións para realizar as probas.

As persoas aspirantes que teñan a condición legal de discapacitadas, con grao igual ou superior ao 33 por 100, terán que presentar certificación dos órganos competentes que acrediten tal condición, xunto coa acreditación de compatibilidade co desempeño das tarefas e funcións correspondentes (capacidade funcional).

4.3. Ás solicitudes de participación deberá xuntárselles a seguinte documentación:

a) O DNI, pasaporte ou documento identificativo equivalente e acreditativo da identidade e nacionalidade da persoa aspirante.

O documento deberá achegarse completo (por tódalas súas caras) e deberá estar en vigor, (artigo 7 do Real decreto 1553/2005, do 23 de decembro). A presentación incompleta do mesmo ou dun documento caducado suporá a exclusión do proceso selectivo da persoa aspirante.

b) Título académico completo esixido nas correspondentes bases específicas.

Suporá a exclusión do proceso selectivo a presentación incompleta do título académico. Tamén conlevará a exclusión a presentación da certificación supletoria provisional ao título cunha data superior a un ano dende a súa emisión, salvo que se acredite que a mesma foi obxecto de prórroga (artigo 14.2 do Real decreto 1002/2010, do 5 de agosto, sobre expedición de títulos universitarios oficiais).

c) De ser o caso, documento acreditativo de estar en posesión, ou en condicións de obtelo dentro do prazo de presentación de solicitudes, do nivel de coñecemento de lingua galega (CELGA ou equivalente).

d) Xustificante de ter ingresado o importe en concepto de dereitos de exame, segundo a ordenanza fiscal en vigor. O pagamento poderase facer indistintamente mediante ingreso na conta bancaria de titularidade municipal núm. ES19 2080 0230 6931 1000 0012 (ABANCA, Corporación Bancaria, S.A.) ou aboando o importe nas oficinas do Servizo Municipal de Recadación, situado na Avda. de Castelao, núm. 36, baixo, das Pontes de García Rodríguez. Nos aboamentos deberá figurar o núm. de DNI, o nome e apelidos da persoa ordenante (aspirante), así como a indicación de que se trata do ingreso de dereitos de exame da OEP-E 2022 do Concello das Pontes de García Rodríguez e a denominación concreta da praza á que se aspira. A falta de pagamento destes dereitos dentro do período de presentación de solicitudes non será emendable e dará lugar á exclusión do proceso selectivo.

e) Relación dos méritos alegados polas persoas aspirantes para súa valoración na fase de concurso segundo o modelo normalizado que, no seu caso, establezan as correspondentes bases específicas, á que se acompañará a documentación acreditativa dos mesmos que se indica nas presentes bases, así como, no seu caso, nas bases específicas.

f) Documento que acredite o coñecemento suficiente do castelán, no caso de persoas con nacionalidade distinta da española.

4.4. A presentación da solicitude supón a aceptación e acatamento de todas e cada unha das bases desta convocatoria, así como o consentimento do/a solicitante para o tratamento dos seus datos persoais coa finalidade de levar a cabo a selección de que se trate.

Así mesmo, os/as solicitantes prestan o seu consentimento para que os seus datos persoais sexan comunicados mediante a súa exposición no taboleiro de anuncios electrónico (<https://sede.aspontes.org/opencms/es/informacion/>) e, de ser o caso, na páxina web do concello para todo o relacionado con estes procesos selectivos.

Quinta. Admisión de aspirantes

5.1. Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a concelleira-delegada da Área de Recursos Humanos, Industria e Emprego (no sucesivo, a concelleira-delegada ou a Concellaría delegada competente, indistintamente) ditará resolución,

que se publicará no Boletín Oficial da Provincia da Coruña (BOP), no taboleiro de anuncios do concello (taboleiro electrónico: <https://sede.aspontes.org/opencms/es/informacion/>) e na páxina web municipal, declarando aprobada a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as, con indicación, se é o caso, das causas de exclusión e outorgando o prazo improrrogable de dez (10) días hábiles seguintes á publicación da dita resolución, para presentar as reclamacións oportunas ou a emenda de defectos, nos termos da LPACAP. Na resolución identificarase ás persoas aspirantes que achegaron o certificado acreditativo do nivel de galego que corresponda.

As persoas aspirantes que, dentro do prazo sinalado non emenden a súa exclusión ou non alegasen a omisión, xustificando o seu dereito a ser incluídas na relación de persoas admitidas, serán consideradas definitivamente excluídas.

5.2. Transcorrido o prazo sinalado no punto anterior, a concelleira-delegada ditará resolución na que se aprobará a lista definitiva de persoas aspirantes admitidas e excluídas, a composición do tribunal cualificador e a data, hora e lugar do comezo do procedemento de selección. Tamén se indicará que persoas están exentas de realizar a proba de lingua galega. Esta resolución publicárase no taboleiro de anuncios do Concello das Pontes de García Rodríguez (taboleiro electrónico: <https://sede.aspontes.org/opencms/es/informacion/>) e no Boletín Oficial da Provincia da Coruña (BOP).

A publicación desta resolución no Boletín Oficial da Provincia da Coruña (BOP) iniciará o cómputo dos prazos para os efectos de posibles impugnacións ou recursos.

5.3. Agás a convocatoria e as resolucións anteriormente citadas, que se publicarán do xeito establecido nestas bases, os sucesivos actos e comunicacións que se deriven da celebración destes procesos selectivos, faranse públicos a través do taboleiro de edictos electrónico e na páxina web desta administración, segundo o que establece a base décima.

Sexta. Tribunais cualificadores

6.1. O órgano de selección estará formado polo persoal funcionario de carreira e/ou persoal laboral que oportunamente se designe mediante resolución da concelleira-delegada. A súa composición será: un presidente/a, un secretario/a e tres persoas para desempeñar as vogalías, coas respectivas persoas suplentes, respectando en todo caso a paridade home/muller e as normas establecidas no texto refundido da Lei do estatuto básico de empregado público (TRLEBER)

Todas as persoas que integren o órgano de selección, titulares e suplentes, pertencerán a un subgrupo de clasificación profesional ou grupo profesional de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso ás prazas convocadas. Na súa designación teranse en conta as garantías de imparcialidade e profesionalidade das persoas nomeadas.

En ningún caso poderá formar parte do órgano de selección:

- a) O persoal de elección ou de designación política
- b) O persoal funcionario interino, laboral temporal, ou laboral indefinido non fixo
- c) O persoal eventual
- d) As persoas que nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas ou colaborasen durante ese período con centros de preparación de opositores. Os membros do tribunal deberán absterse de formar parte del cando concorran as circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP) notificándoo á autoridade convocante. As persoas aspirantes poderán recusalos de acordo co artigo 24 da mencionada lei.

6.2. O concello poderá esixir das persoas integrantes do tribunal declaración expresa de non acharse incursas nas circunstancias establecidas no citado artigo 23 da LRXSP.

Nos casos en que por mor da existencia de recusacións ou abstencións aceptadas sexa preciso alterar a composición do tribunal a resolución que se dite deberá publicarse na forma indicada para as resolucións referidas na base anterior, pero poderá prescindirse da publicación no BOP cando non se garanta que esta é anterior á data sinalada para o inicio do proceso selectivo.

6.3. Cada membro suplente actuará en substitución da persoa titular respectiva cando esta non poida asistir á correspondente sesión do órgano de selección.

6.4. O tribunal non poderá constituírse, nin actuar, sen a presenza, cando menos, de tres das súas persoas integrantes, titulares ou suplentes, debendo estar presentes, en todo caso, as persoas que desempeñen a presidencia e a secretaría do órgano. De todas as sesións que teñan lugar a persoa que ocupe a secretaría redactará a correspondente acta.

Todas as persoas integrantes do Tribunal terán voz e voto.

6.5. O tribunal resolverá, por maioría de votos dos seus membros presentes, todas as dúbidas, cuestións e incidencias que se susciten respecto da aplicación e interpretación das presentes bases e das correspondentes bases específicas, así como nos supostos non previstos nelas (solicitando, de ser o caso, a emisión de informe e/ou a opinión especializada por parte das persoas asesoras que, para tal efecto poidan ter sido requiridas).

6.6. O tribunal poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos de persoal asesor, con voz e sen voto, para as valoracións e probas en que así o estimen necesario ou conveniente limitándose este persoal a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas. En particular, poderá designarse persoal asesor para a proba de coñecemento do galego, de ter que realizarse. Este persoal será designado pola concelleira-delegada.

Sétima. Contido do proceso selectivo, forma de desenvolvemento e sistema de cualificación

7.1. Desenvolvemento do proceso selectivo

7.1.1) Criterios xerais

Os procesos selectivos que corresponden ás prazas de persoal laboral incluídas na OEP-E 2022 correspondentes á taxa adicional para a estabilización de emprego temporal do artigo 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro realizaranse a través do sistema de concurso-oposición.

O desenvolvemento de cada proceso selectivo adecuarase aos criterios xerais que se sinalan a continuación, así como a aqueles outros que, no seu caso, se podan contemplar nas respectivas convocatorias e bases específicas.

No desenvolvemento dos ditos procesos selectivos, garantirase, en todo caso, o cumprimento dos principios de libre concorrência, igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

7.2. Sistema de cualificación

7.2.1) Fase de concurso

Consistirá na valoración dos méritos alegados e debidamente acreditados polas persoas aspirantes admitidas no proceso selectivo, segundo os criterios que se establecen nestas bases, así como os que se establezan nas correspondentes bases específicas.

A fase de concurso realizarase con carácter previo á fase de oposición, non terá carácter eliminatorio nin os puntos obtidos na mesma se poden utilizar para superar a fase de oposición. En todo caso, a puntuación máxima da fase de concurso será do 40% da puntuación total do proceso selectivo.

A fase de concurso consistirá na valoración dos méritos que, entre os indicados a continuación, se establezan en cada unha das convocatorias e bases específicas. Así mesmo, as bases específicas establecerán, respecto de cada un deles, a baremación aplicable e o máximo de puntos que poden alcanzarse.

A data límite a ter en conta para valorar os méritos das persoas aspirantes é a establecida na convocatoria para a presentación das solicitudes.

a) **Experiencia profesional:** Serán obxecto de valoración os servizos prestados na administración pública ou en entidades do Sector Público, como persoal funcionario ou como persoal laboral, no mesmo corpo, escala, categoría ou equivalente á praza convocada.

Poderanse valorar os servizos prestados noutros corpos, escalas, categoría profesional ou equivalente á da praza convocada, así como os prestados na empresa privada sempre que os mesmos garden relación coas características ou condicións da praza obxecto de convocatoria. No caso dos servizos na empresa privada, so serán obxecto de valoración os servizos prestados por conta allea.

Para a acreditación destes méritos deberase achegar a seguinte documentación xustificativa:

- Para os servizos prestados na administración pública: certificación da administración correspondente onde deberá figurar, polo menos, a administración pública, o vínculo ou réxime xurídico, a denominación do corpo, escala, categoría profesional ou equivalente e o período no que se prestaron. Xunto coa dita certificación deberá achegarse certificación de vida laboral actualizada acreditativa dos ditos servizos expedida polo órgano competente da seguridade social.

As certificacións acreditativas dos servizos prestados para o Concello das Pontes de García Rodríguez serán expedidas de oficio pola propia administración en virtude do artigo 28.2 da Lei 39/2015. No entanto, será preciso que os mesmos se recollan expresamente na relación de méritos que se achegue coa solicitude de participación, debéndose presentar, tamén, a certificación de vida laboral actualizada acreditativa dos ditos servizos expedida polo órgano competente da seguridade social dentro do prazo de presentación de solicitudes.

- No caso dos servizos prestados na empresa privada: mediante o contrato de traballo ou certificado/informe da empresa onde se detallen a categoría ou posto ocupado, así como as funcións e tarefas realizadas na empresa, ao que se acompañará certificación de vida laboral actualizada acreditativa dos ditos servizos expedida polo órgano competente da seguridade social.

En todo caso, da documentación xustificativa que se achegue, deberá concluírse de xeito claro e inequívoco o corpo, escala, categoría profesional ou natureza na que se teñan prestados os servizos que se pretende se valoren.

As puntuacións referiranse a cada mes completo de servizos prestados, entendendo que un mes equivale a 30 días naturais. As fraccións de tempo inferiores ao mes puntuaranse proporcionalmente.

Os servizos prestados a tempo parcial puntuaranse proporcionalmente.

Non se computarán os servizos prestados simultaneamente con outros igualmente alegados, excepto no caso de que os servizos se prestaran a tempo parcial e como máximo ata completar a xornada laboral de que se trate.

b) **Formación:** serán obxecto de valoración os cursos de formación ou perfeccionamento, impartidos, convocados ou homologados polas administracións públicas, universidades públicas ou privadas, colexios profesionais, sindicatos, servizo público de emprego ou por entidades privadas, que estean directamente relacionados coas funcións e competencias profesionais propias da praza á que se opta.

Poderán ser obxecto de valoración cursos referentes a materias transversais, segundo o que se indique en cada unha das bases específicas.

Non serán obxecto de valoración a asistencia a xornadas, seminarios, simposios ou similares.

Non serán obxecto de valoración aqueles cursos onde non se especifiquen as datas de realización nin o número de horas impartidas. Os cursos nos que non figuren as horas, pero inclúan créditos académicos (créditos tradicionais ou ECTS), valoraranse en función da seguinte equivalencia:

- Cada crédito tradicional recoñecido equivalerá a 10 horas de formación
- Cada crédito ECTS recoñecido equivalerá a 25 horas de formación

A valoración dos distintos cursos é excluínte. No suposto de que varios cursos teñan o mesmo obxecto, terase en conta o curso de nivel superior ou, en caso de coincidir, o curso realizado na data máis recente.

Para a acreditación destes méritos deberá presentarse certificación ou diploma expedido pola entidade ou organismo que impartiu a acción formativa de que se trate, no que conste o carácter do curso e o número de horas ou créditos de duración.

c) **Outros méritos:** poderán ser obxecto de valoración aquel outros méritos que gardando relación coas características da praza convocada, se especifiquen nas correspondentes bases específicas.

Para a acreditación destes méritos deberá achegarse a documentación que, no seu caso, se estableza nas correspondentes bases específicas.

7.2.2) Fase de oposición

A fase de oposición constará dun ou varios exercicios de carácter obrigatorio e eliminatorio para todas as persoas aspirantes, sen prexuízo do que a continuación se establece para a proba de coñecemento da lingua galega.

O/s exercicio/s poderán ter carácter teórico ou práctico; gardarán relación cos temarios que, en cada caso, se determine nas bases específicas; permitirán avaliar a capacidade e idoneidade das persoas aspirantes e terán relación coas tarefas e funcións habituais a desempeñar na praza de que se trate, así como coa titulación requirida.

As bases específicas de cada convocatoria determinarán o/s exercicio/s da fase de oposición, así como a correspondente baremación, o máximo de puntos que poden alcanzarse, así como a puntuación mínima necesaria para superar a fase de oposición.

En aplicación do previsto no artigo 51.2 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia (LEPG), respecto da acreditación do galego, aquelas persoas que non acrediten coñecementos de lingua galega no nivel requirido nas correspondentes bases específicas terán que realizar unha proba de galego, segundo o que se especifique en cada unha das correspondentes bases específicas.

Esta proba será cualificada de apto/a ou non apto/a. Serán eliminadas as persoas aspirantes que non acaden a puntuación de apto/a.

Quedarán exentas da realización desta proba aquelas persoas opositoras que acrediten, coa presentación da solicitude, estar en posesión do CELGA que se indique en cada caso.

De ser necesaria, a orde de actuación das persoas aspirantes iniciárase alfabeticamente por aquelas cuxo primeiro apelido comece pola letra "T", de conformidade co previsto na Resolución do 28 de xaneiro de 2022, da Consellería de Facenda e Administración Pública, pola que se fai público o resultado do sorteo a que se refire o artigo 9 do Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 24, do 4 de febreiro de 2022) ao tratarse dunha convocatoria pertencente á OEP-E do ano 2022.

As persoas aspirantes poderán realizar o/s exercicio/s, agás a proba de galego, á súa elección, en calquera das linguas oficiais de Galicia.

As persoas aspirantes serán convocadas para o/s exercicio/s da oposición e para a proba de galego, respecto das persoas concernidas, en chamamento único, agás nos casos debidamente xustificadas e libremente apreciadas polo tribunal, sendo excluídas do/s exercicio/s ou proba e, polo tanto, do proceso selectivo, as que non comparezan, agás nos casos de forza maior debidamente xustificadas e discrecionalmente apreciadas polo tribunal.

As persoas aspirantes que comparezan terán que presentarse para a realización do/s exercicio/s e da proba previstas do orixinal do DNI, pasaporte ou documento de identificación equivalente e acreditativo da súa identidade e nacionalidade, así como dos medios materiais esixidos para a práctica dos exercicios da convocatoria.

En calquera momento do proceso selectivo o órgano de selección poderá requirir as persoas aspirantes para que acrediten a súa identidade.

Se en calquera momento do proceso selectivo chegara a coñecemento do tribunal que algún dos/as aspirantes non cumpre todos os requisitos esixidos pola presente convocatoria, previa audiencia a/a/o interesada/o, deberá propoñer a súa exclusión á concelleira delegada competente, indicando as inexactitudes ou falsidades formuladas polo/a aspirante na solicitude de admisión a estas probas selectivas, para os efectos procedentes.

O tribunal adoptará as medidas necesarias para garantir que os exercicios sexan corrixidos sen que se coñeza a identidade das persoas aspirantes, salvo que pola súa natureza non sexa posible a realización de forma anónima. Nos exercicios nos que deba garantirse o anonimato do/a aspirante, o tribunal excluírá a aqueles candidatos/as en cuxos exercicios figuren marcas ou signos que permitan coñecer a identidade do/a opositor/a.

Nos exercicios non constará ningún dato do que se poida desprender a identidade da persoa opositora. No intre da entrega do exercicio, facilitaráselles ás persoas aspirantes un sobre no que introducirán un papel co seu nome e apelidos. Unha vez pechado o dito sobre, será identificado cun número na súa parte exterior, que será o mesmo que se consigne na primeira folia do propio exercicio.

A apertura dos sobres que conteñen os datos de cada aspirante para atribuír a correspondente puntuación levarase a cabo no lugar, día e hora que se anunciará a través da páxina web, coa antelación dun día hábil, como mínimo, e permitirase a presenza do persoal opositor que participou no exercicio ou do seu representante.

Os exercicios terán lugar a porta pechada sen outra asistencia que a dos membros do tribunal e, de ser o caso, do persoal colaborador e/ou asesor.

O tribunal adoptará todas as medidas necesarias para a adaptación de tempo e/ou medios co fin de que aqueles aspirantes con discapacidade gocen de similares condicións para a realización dos exercicios que o resto de participantes.

Dende a total conclusión dunha proba ou exercicio ata o comezo do exercicio seguinte deberá transcorrer un prazo mínimo de setenta e dúas horas e un máximo de corenta e cinco días naturais. Sen prexuízo do anterior, o tribunal poderá dispor a celebración simultánea de varios exercicios, de ser o caso, co fin da axilización do desenvolvemento dos correspondentes procesos selectivos.

7.3. Publicación dos resultados das diversas fases dos procesos selectivos

Os actos e comunicacións que se deriven da celebración destes procesos selectivos faranse públicos a través do taboleiro electrónico do concello e da páxina web municipal, en consonancia coa base 5.3. e coa base décima.

Oitava. Cualificación do proceso selectivo

A puntuación final das probas selectivas virá determinada pola suma do resultado da fase concurso e do/s exercicio/s integrante/s da fase de oposición e entre as persoas aspirantes que teñan superado a fase de oposición e a proba de coñecemento do galego, de ser o caso.

En caso de empate entre dúas ou máis persoas aspirantes, estarase ao que se dispoña nas correspondentes bases específicas.

Novena. Relación de aprobados/as, achega de documentos, contratación e sinatura do contrato

Na resolución do proceso selectivo o tribunal rexerá polo establecido nestas bases, así como no que establezan, no seu caso, as bases específicas. Deste xeito, despois de rematar as fases de concurso e oposición do proceso selectivo e, de ser o caso, a proba de galego, o tribunal proporá a contratación da persoa aspirante que, na suma total das puntuacións do proceso selectivo obtivera a maior puntuación. A proposta, de carácter vinculante, elevarase á Concellaría delegada competente para que efectúe a correspondente contratación.

O tribunal non poderá declarar que superaron o proceso selectivo un número superior de aspirantes ao de prazas convocadas, polo que se declararán aprobadas a/s persoa/s que obtivesen a maior puntuación.

Non obstante, na acta da última sesión incluírase unha relación complementaria por orde decrecente de puntuación coas persoas aspirantes finalistas que superaron a fase de oposición do proceso selectivo (e, de ser o caso, superaran a proba de galego), pero que non foron incluídas na proposta de contratación, coa finalidade de poderen ser nomeadas en caso de renuncia antes da contratación ou imposibilidade de incorporación dalgunha das persoas opositoras inicialmente propostas, de acordo co provisto no artigo 61.8 do TRLEBEP.

O tribunal poderá declarar desertas aquelas prazas obxecto da presente convocatoria que non resulten cubertas á súa finalización por non superar o proceso selectivo o número suficiente de persoas aspirantes.

As cualificacións das persoas opositoras finalistas aprobadas serán publicadas no taboleiro de anuncios do concello das Pontes de García Rodríguez.

As persoas aspirantes propostas polo Tribunal deberán presentar no concello, na forma que se sinala nas correspondentes bases específicas, no prazo máximo de vinte (20) días hábiles, contados a partir da publicación do resultado do proceso selectivo no Taboleiro de anuncios electrónico do Concello, a seguinte documentación:

- a) Certificado/Informe médico acreditativo de posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas habituais da praza á que se aspira expedido por facultativo/a competente.
- b) Declaración responsable de non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.
- c) Declaración xurada de non atoparse incurso/a en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente (artigo 13 do Real decreto 598/1985, do 30 de abril, sobre incompatibilidades) e referido ao momento da sinatura do contrato.
- d) Cartilla da Seguridade Social (no caso de estar de alta) ou declaración de non estar de alta.
- e) Acreditación documental da conta bancaria na que se farán os seus ingresos nominais

A non presentación, dentro do prazo fixado, da documentación esixida nesta base e agás os casos de forza maior, ou cando do exame da mesma se deduxa que se carece dalgun dos requisitos sinalados na base terceira, impedirá o nomeamento e quedarán anuladas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que tiveran incorrido por falsidade na súa solicitude de participación.

Presentada a documentación polos/as interesados/as, a Concellaría delegada competente ditará resolución de nomeamento da/s persoa/s aspirante/s proposta/s que se publicará no taboleiro de anuncios do concello (taboleiro electrónico: <https://sede.aspontes.org/opencms/es/informacion/>), así como no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

Os/as aspirantes nomeados/as deberán formalizar o contrato no prazo máximo dun mes a contar dende o seguinte ao da publicación do seu nomeamento no BOP da Coruña.

Será nula a incorporación de quen estea incurso/a en causas de incapacidade específica conforme á normativa vixente.

Mentres non se incorporen ao respectivo posto de traballo, os aspirantes non terán dereito a percepción económica de ningunha clase.

As persoas nomeadas estarán obrigadas a prestaren a súa xornada de traballo na medida e forma requiridas polo interese do servizo, de acordo coa lexislación aplicable.

Décima. Publicidade do proceso selectivo e presentación de reclamacións

10.1. As presentes bases, así como a convocatoria e bases específicas serán publicadas no Boletín Oficial da Provincia da Coruña (BOP). O anuncio da convocatoria será publicado no Diario Oficial de Galicia (DOG) e no Boletín Oficial del Estado (BOE). Esta última publicación sinalará o prazo de presentación de solicitudes.

10.2. Serán obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña (BOP) aquelas resolucións cando resulte preceptivo e segundo o que se recolle expresamente nas presentes bases xerais.

10.3. Agás a convocatoria e as resolucións anteriormente citadas, que se publicarán no xeito establecido nestas bases, a publicidade dos distintos actos e acordos derivados do desenvolvemento destes procesos selectivos, así como as comunicacións a que desen lugar, realizaranse mediante publicación no taboleiro de anuncios deste concello (taboleiro electrónico: <https://sede.aspontes.org/opencms/es/informacion/>) e na páxina web municipal, sen prexuízo de calquera outro medio de difusión que se considere oportuno.

Os/as aspirantes poderán presentar reclamacións ante o tribunal de selección cada vez que finalice unha valoración ou proba e esta sexa publicada no taboleiro de anuncios electrónico. Esta circunstancia farase constar no anuncio de publicación correspondente.

En todos os casos, para a presentación de reclamacións, disporase dun prazo de cinco (5) días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación.

Décimo primeira. Protección de datos de carácter persoal

De conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, infórmase ás persoas aspirantes que os datos facilitados serán tratados polo concello coa finalidade de atender ao desenvolvemento do proceso selectivo. Os ditos datos serán tratados de maneira confidencial e só poderán ser cedidos nos casos contemplados na lei. Comunícase ás persoas aspirantes que poderán exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos seus datos dirixíndose ao Concello das Pontes de García Rodríguez a través da sede electrónica municipal (<https://sede.aspontes.org/opencms/es/>) ou a través do correo electrónico lopd@aspontes.org.

Décimo segunda. Réxime de recursos

Contra estas bases, así como das respectivas convocatorias e bases específicas, poderá interpoñerse, con carácter potestativo, recurso de reposición ante a Concellaría que as tivera aprobado, no prazo dun mes, contado dende o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña; ou ben recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, contados dende o seguinte ao da súa publicación no indicado Boletín, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo núm. 1 de Ferrol, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, e na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. No caso de interpoñer recurso de reposición, non poderán interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio administrativo.

Así mesmo, a administración poderá, se é o caso, proceder á revisión das resolucións do tribunal, conforme ao previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro.

As Pontes de García Rodríguez, 1 de decembro de 2022

A concelleira-delegada de Área de Recursos Humanos, Industria e Emprego

Ana María Pena Purriños

2022/7603